



cubo

CONVIVENCIA E RECURSOS ECONOMICOS

1. DEFINIÇÃO XERAL DO PROXECTO E OS SEUS VALORES

CUBO é un proxecto só financiado inicialmente por Freire. Diseño y comunicación, SL (B63258925) para a súa posta en funcionamento. CUBO, polo tanto, non se entende como un mecenado da citada empresa. En efecto, Freire SL non ten ningún interese económico en CUBO.

O obxectivo de CUBO é abrir un espazo ás artes, ás ideas e ás persoas que sexa independente e autónomo. Por todo iso, o proxecto non pretende conseguir beneficios, senón, pola súa propia dinámica, ser autosuficiente. Para logralo, instauraranse as cotas mínimas necesarias de todos aqueles acollidos polo espazo.

CUBO artícuase a partir de tres valores fundamentais: transparencia, confianza e colaboración.

Suponse que todas as persoas e entidades que establezan algún tipo de relación con CUBO aceptan de bo grao estes tres valores que resumimos brevemente a continuación e que poden ampliarse, corrixirse ou alterarse na súa definición por calquera persoa interesada que o propoña.

Transparencia: todas as actividades, xestións e movementos económicos serán, en todo momento, públicos e CUBO poraos a disposición de calquera cidadán na súa páxina web.

Confianza: as relacións contractuais estableceranse baixo o valor da confianza, polo que a redacción do contrato será o máis sinxela e parca posible.

Colaboración: todas as persoas e entidades acollidas en CUBO entenden que o obxectivo final é establecer lazos de colaboración e entendemento, polo que o uso do espazo non é privativo, senón sempre compartido dentro das características propias de cada actividade.

2. DEFINIÇÃO DO ESPAZO E DOS MATERIAIS DE USO COMÚN

CUBO está situado nun local do centro de Vigo (rúa do Doutor Cadaval, 17B) e consta dunha planta baixa duns 60 m² (SALA A) e dunha sala na primeira planta duns 36 m² (SALA B). O resto do local (24 m² máis) é de uso exclusivo de FREIRE SL.

CUBO ofrece acceso a Internet de alta velocidade, cadeiras, mesas, luz, auga e calefacción aos grupos que acolle. Tamén se pode dispor dos libros da biblioteca e, máis adiante, dunha impresora láser en B/N (as condicións de uso tamén se negociarán no seu momento). A intención de CUBO é que cada grupo teña a súa propia zona de almacenaxe.

CUBO tamén ofrece servizo de recepción de cartas e paquetes, así como servizo de limpeza do local.

A través da súa páxina web e redes sociais (Facebook, Instagram ou Twitter), CUBO comprométese a dar publicidade ás actividades públicas dos grupos acollidos neste espazo.



O escaparate do local tamén será una ferramenta de comunicación a disposición dos grupos acollidos neste espazo.

CUBO comprométese a manter unha AXENDA ao día de todas as actividades dos grupos ou persoas acollidas no espazo, así como a negociar aquelas situacións nas que sexa necesario coordinar o uso dos espazos.

Cada grupo disporá dun xogo de chaves para poder acceder ao interior do local en xeral e tamén á sala B. Pediriamos que non se fixesen copias das chaves, nin se prestasen a terceiros (salvo indicación expresa) para poder manter unha certa orde de acceso ao local.

Non hai que insistir en que tanto o espazo como os seus materiais son de uso común e que o coidado, recollida e almacenaxe dependen de todos os usuarios. Tamén se incentivará o aforro enerxético da sala.

3. DEFINICIÓN DAS ACTIVIDADES DO ESPAZO

CUBO está aberto ás entidades, grupos ou asociacións que estean interesados no seu uso. Nese sentido, o espazo pode empregarse para calquera tipo de reunión pública ou privada (assembleas, debates, seminarios, etc.) de forma puntual. O aforo máximo da sala A é dunhas 40 persoas, en función do tipo de actividade, e o da sala B, dunhas 20. A cota por un uso puntual pactarase en cada caso, favorecendo sempre aquelas actividades que non teñan un obxectivo empresarial. Os grupos ou persoas acollidos polo espazo e cunha vinculación continuada teñen a capacidade de invitar a outras asociacións a usar o espazo de forma puntual (ver máis adiante, no punto 4, as fórmulas de colaboración).

Aparte do seu uso puntual, CUBO ofrece unhas fórmulas para o uso continuado do espazo (ver máis abaixo), os grupos ou persoas acollidas polo espazo poderán facer uso deste con un aviso previo. Non se establece un período mínimo de aviso, a única excepción será que a orde de uso virá indicada pola orde de reserva. Sempre será posible volver negociar os termos da reserva entre grupos ou persoas utilizando o valor reitor da colaboración e o bo entendemento.

A sala A, ademais, acollerá manifestacións artísticas específicas nas súas paredes. Os colectivos acollidos por CUBO respectarán e coidarán as obras expostas e acomodarán as súas actividades ás limitacións que estas poidan esixir.

4. DEFINICIÓN DAS FÓRMULAS DE COLABORACIÓN

Coa finalidade de que o proxecto CUBO sexa autónomo economicamente, establécense unhas cotas mensuais de uso. Estas cotas pactaranse entre cada colectivo e CUBO e veñen definidas polo uso que se pode facer mensualmente do espazo.

Definíronse tres modalidades xerais de uso (que poden ampliarse, cambiarse ou reformarse en función da experiencia futura).

Reunión. Os grupos definen un día fixo no que a sala A ou B se reserva de forma continuada para as reunións internas do grupo. O número de reunións mensuais ven establecido pola fórmula elixida.



Actividade. Calquera evento de carácter público. Non é necesaria una maior restrición.

Extra. Para dar a maior flexibilidade ao conxunto, propónse un evento sen unha definición específica que pode utilizarse en función do criterio ou do momento concreto de cada grupo ou persoa. Por exemplo, para invitar a outra asociación a usar as instalacións de CUBO ou simplemente para desenvolver unha actividade máis ao longo dese mes.

A partir destas definicións establécense 4 fórmulas xerais de colaboración (os prezos sinalados son sen IVE).

Fórmula A

1 reunión mensual
1 actividade mensual
60 euros

Fórmula C

3 reunións mensuais
2 actividades mensuais
1 extra
180 euros

Fórmula B

2 reunións mensuais
1 actividade mensual
1 extra
120 euros

Fórmula D

4 reunións mensuais
2 actividades mensuais
2 extras
240 euros

Prezos actividades puntuales de entidades externas

ONG y movementos sociais e culturais

Primeira hora: 24 euros

Segunda hora e seguintes: 14 euros/h

Empresas e particulares

Primeira hora: 36 euros

Segunda hora e seguintes: 20 euros/h

Actividades de venda (entradas ou obras):

15% da recolleita ou vendas.



Este texto pode modificarse ao longo do desenvolvemento do proxecto CUBO en función das novas experiencias, dos acertos ou dos erros que poidan aparecer. Esas modificacións sempre poden ser expostas por calquera membro da comunidade de CUBO e serán pactadas por todos os grupos ou persoas acollidos en CUBO nese momento.

Vigo, ao primeiro de febreiro de 2019



cubo

CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE CUBO

_____, da parte de _____, e Alfons Freire, representado a CUBO, firman un contrato de colaboración baseado nas normas de convivencia que se tratan a continuación.

A fórmula elixida é _____, co que _____ comprométese a pagar _____ ao mes. O pago realizarase á conta _____ tras a presentación da factura correspondente.

E, para que así conste, firman este contrato o día